

ARTE PRERROMÁNICA

Contexto histórico

A caída do Imperio Romano de Occidente e a consecuente invasión dos pobos bárbaros leva consigo un proceso de rexionalización, dando lugar á aparición dun horizonte cultural fragmentario con manifestacións distintas en cada zona. Así pois denominamos arte prerrománica ao conxunto de estilos artísticos da Europa Occidental. O concepto “Prerrománico” define soamente un marco cronolóxico: séculos VI –X e é difícil atopar un nexos de unión entre os distintos prerrománicos (visigodo, asturiano, carolinxio, mozárabe...). Hai con todo algunhas características comúns que responden a unha situación común de crise e de destrución das estruturas artísticas: Ausencia case total de escultura, edificios de pequenas dimensións, con aparellos de pouca calidade. Escasean as cubertas cupuladas e abovedadas, as xanelas son tamén escasas e de pequenas dimensións debido ás insuficiencias técnicas.

Tres son os compoñentes que van configurar a nova etapa:

- _ A herdanza romana
- _ O compoñente xermánico
- _ A igrexa, que actúa como elemento aglutinador.

Estamos nun mundo ruralizado, onde o elemento bárbaro tenta a superestrutura do poder, actuando a igrexa como coordinadora e directora da esfera cultural.

Mentres a arte bizantina produce espléndidos monumentos; na parte occidental de Europa fórmase unha arte máis sinxela, que servirá de base ao estilo Románico.

1.-ARTE VISIGODA

Asentados en Hispania desde o 415, os visigodos instauran unha monarquía que pervivirá ata a invasión árabe do 711. Proceden do Sur da Galia, expulsados polos francos. Debido aos numerosos contactos con Roma, foi o pobo xermano máis romanizado, o que facilitou o tránsito entre a Hispania romana e o Reino visigodo.

No s. VI fundan un reino na Península Ibérica con capital en Toledo que abarca o centro e oeste da península. Recaredo convértese ao cristianismo (eran arrianos) a finais do s. VI, e tras el todo o reino. Conseguen así a unidade relixiosa e a integración da poboación hispano-visigoda consolídase.

O dominio visigodo remata coa invasión árabe no 711.

En Galicia, por obra de Leovixildo, puxeron fin ao Reino Suevo no século VI, se ben xa desde o século anterior quedara na órbita de dependencia visigoda.

O século VII será o período de esplendor da arte visigoda, fundamentalmente na arquitectura pese a ser un pobo sen tradición construtiva, que resulta da da herdanza romana á que se suma a aportación cristiana nos temas relixiosos, as

influencias orientais asumidas a través de Bizancio e os elementos ornamentais xermanos.

Na ourivería encóntanse as mostras máis persoais deste pobo sen tradición edilicia pero con ela na elaboración de pequenas xoias engastadas de pedras preciosas. Os obxectos máis coñecidos son as coroas votivas.

1.- ARQUITECTURA.

A.- Características xerais.

a) Tipo de construcións: Igrexas de pequenas proporcións, dispersas no medio do campo.

b) Material: Ladrillo ou perpiaños a soga e a tizón.

c) Elementos construtivos:

- Predominio do muro sobre o van. Poucas xanelas e dun só oco.

- Columnas con capiteis de inspiración corintia ou troncocónicos invertidos con cimacio.

- Arcos de ferradura. (Máis aberto que o islámico, caendo vertical sobre o arranque)

- Bóvedas de medio canón, aresta e ás veces pequenas cúpulas.

- Cubertas de madeira.

d) Temas decorativos: A decoración é escasa e redúcese a motivos xeométricos, vexetais, ou zoomórficos (influencia oriental). A técnica que utilizan é a talla a bisel, é dicir a dous planos. Un caso excepcional é San Pedro da Nave onde se desenvolve un programa iconográfico completo sobre a salvación.

e) Tipos de Plantas:

- Basilical dunha ou tres naves.

- De cruz grega, ás veces rexistrada nun rectángulo (Santa Comba de Bande).

- Síntese de planta basilical e de cruz grega (San Pedro da Nave)

SANTA COMBA DE BANDE

Obra 15 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

SAN PEDRO DA NAVE:

_ 2ª metade do século VII. (Zamora)

- _ Planta de cruz grega rexistrada nun rectángulo.
- _ Exterior: harmónico xogo de volumes , coas naves a distinta altura, o cruceiro e o ciborio destacados e a ábsida rectangular coas súas cámaras laterais a un nivel máis baixo.
- _ O aparello é peripiaño pero de aceptable calidade.
- _ O máis orixinal da igrexa é o programa escultórico. Alúdese á Salvación recorrendo aos seguintes temas iconográficos: “Sacrificio de Isaac”, “ Daniel entre os leóns”. Realización basta, con grandes desproporcións, non hai modelado. No sacrificio de Isaac acódease ao orientalismo de fronte-perfil, non por influencia directa, senón por incapacidade técnica.

2.- ARTE ASTURIANA.

A invasión islámica non conseguiu ocupar completamente o territorio peninsular. Pequenos núcleos de resistencia fixéronse fortes nas montañas do norte. No caso Asturiano, os descendentes de Pelayo fundaron unha monarquía que, aínda que con altibaixos, conseguiu aglutinar aos elementos refractarios á presenza musulmá enarborando a bandeira dos sucesores da monarquía visigoda. Pero aínda que se sinte continuadora da monarquía visigoda, non se identifica con ela, configurando unha monarquía independente e renovada

Artisticamente enlaza coa tradición romana, pero recibe as influencias doutras cortes europeas (carolinxio), así como as visigodas e musulmás. Utilízase con gran singularidade.

O primeiro momento de esplendor artístico prodúcese no reinado de Alfonso II (S. IX) que reconstrúe a cidade de Oviedo:

- _ Cámara Santa da Catedral.
- _ San Xulián dos Prados.

O prerrománico asturiano alcanza o seu máximo esplendor durante o reinado de Ramiro I (mediados S. IX), presentando solucións arquitectónicas que se adiantan dous séculos á arte románica. O estilo tamén chegou a Galicia como vemos na remodelación de Santa Comba de Bande en Ourense.

1.-- ARQUITECTURA.

.- Características xerais:

- a) Tipo de construcións: Igrexas e Palacios. Edificios pequenos de gran altura.
- b) Material: ladrillo e cachotería, reforzados con cantería nas esquinas.
- c) Elementos construtivos:
 - Predominio do muro sobre o van. Os vans son pequenos e aparecen recubertos con celosías de xeso ou de pedra.

- Columnas con decoración de corda ou soga no fuste e ás veces tamén no capitel.
- Arcos de medio punto peraltado.
- Bóvedas de medio canón peraltadas, apoiadas sobre arcos faxóns, que, á súa vez, descargan o peso sobre columnas ou pilastras encostadas ao muro.
- Contrafortes nos muros exteriores (tanto as bóvedas apoiadas en arcos faxóns, como os contrafortes, utilízanse por primeira vez na arquitectura española, e son un claro precedente na arquitectura románica).
- Cabeceiras rectangulares por dentro e por fóra.
- Cuberta de madeira.

d) Temas decorativos: A pobreza de materiais nas súas construcións, tratan de enmendala engadindo elementos decorativos con medallóns nas enxutas dos arcos (clípeos), celosías de madeira ou pedra nos vans e pinturas murais nos interiores dos edificios.

e) Tipos de Plantas: Basilical, de tres naves, a central máis alta que as laterais, amplo cruceiro e tres capelas rectangulares na cabeceira. A cabeceira adoita estar separada do resto da igrexa por medio do iconostasio (varanda ou cancela perforada, que non impide a visión, pero que pecha a zona da Eucaristía, dando un carácter misterioso), co que o presbiterio queda fortemente sinalado. Sobre a capela maior dispónse unha cámara secreta, con acceso só desde o exterior. Tamén é frecuente a existencia dunha tribuna reservada ao monarca, aos pés da igrexa.

SANTA MARÍA DO NARANCO

Obra 16 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

3. ARTE MOZÁRABE.

Alude ás obras realizadas polos cristiáns en territorios controlados polo Islam, e tamén ás obras levadas a cabo en territorio cristián recuperado ao Islam, con intervención de artistas do sur.

Desaparecida a monarquía visigoda coa invasión árabe a principios do s. VIII, gran parte da poboación hispano-visigoda quedou baixo o seu dominio aínda conservando a súa relixión e empregando tamén o latín xunto co árabe. Son estes cristiáns, en parte islamizados pola convivencia, e a súa cultura aos que se denomina mozárabes.

Coa expansión dos reinos cristiáns, a partir dos núcleos de resistencia organizados no norte peninsular (Asturias), moitos daqueles cristiáns mozárabes abandonaron Al-Andalus, fundamentalmente desde a segunda

metade do s. IX, para repoboar as terras recuperadas polos reis cristiáns (ao norte do Douro), movidos polas persecucións que se deron en determinados momentos e polas promesas que se lles ofreceron. É por iso que tamén se denomina arte de repoboación.

Durante o s. X, Galicia, integrada dentro da monarquía astur-leonesa, mantén unha actitude máis ben pasiva diante destas novas circunstancias e a calma que aquí se vivía atraeu os mozárabes, pese a que moitos menos que noutras zonas da Meseta norte. Os edificios galegos mozárabes son mais tardíos que os leoneses, o que explicaría a tardía penetración do románico.

Esta arte mozárabe ou de repoboación introduce na arte cristiá occidental, técnicas e formas de orixe árabe.

1.- ARQUITECTURA.

A.- Características xerais

a) Tipo de construcións: Igrexas pequenas, pechadas ao exterior, sen fachada principal. Os interiores son de estruturas complicadas, buscando os espazos breves, para conducir a vista cara á cuberta.

b) Material: Muros grosos de cachotería, ladrillo ou perpiaños.

c) Elementos construtivos:

- Beirados moi saíntes descansando sobre modillóns de rolos, como cilindros, dos que o primeiro adoita ser de maior tamaño que os restantes. Estes modillóns sosteñen beirados e cornixas protexendo os muros.

- Arco de ferradura máis pechado que o visigodo e xeralmente encadrado por un alfiz (ás veces alternando a policromía nas doelas).

- Bóvedas de diversos tipos: canón, nervios, califal (arcos que se cruzan e sobre os que descansa o casco da bóveda), gallonada (bovedillas como os cuarteiróns dunha laranxa).

- Cuberta de madeira.

d) Temas decorativos: Modillóns de rolos, decorados con rosetas e outros temas de tradición visigoda. Policromía nas doelas dos arcos e no interior do alfiz.

e) Tipos de Plantas: - basilical ou de cruz latina. Pequenas e variadas, con estruturas complexas e espazos moi compartimentados.

SAN MIGUEL DE CELANOVA

Obra 17 das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

San Miguel da Escalada. (León) S. X: Pórtico lateral de arcos de ferradura.